

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/as**¹, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os alumnos/as, do Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 3 de novembro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 18 de novembro.

3.- Son elixibles os alumnos/as que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día seguinte a data deste documento ata as 14'00 horas do día 11 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos/as, o día 18 de novembro, ás 11:15 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 3 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores o alumnado matriculado no Centro que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, de 11:15 a 11:45 horas e de 18:00 a 18:15 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 11:00 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **1 nome**² dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Ten dereito ao voto o alumnado matriculado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

(1) Segundo proceda en cada caso.

(2) Segundo a situación particular de cada centro. Ver o artigo 42 do Decreto 92/1988.

Vilalba, 3 de novembro de 2022.
O DIRECTOR DO CENTRO,



Asdo.: Víctor Alfredo Peinó Díaz

